

Expediente 4025/2018  
Obxecto MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA 2019  
Subcarpeta: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IBI

## PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA, COMERCIO, INDUSTRIA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Considerando que con data 17/09/2018 iniciouse expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmable.

Considerando que con data 03/10/2018, foi emitido Informe favorable pola Intervención en relación á proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmable.

Considerando que con data 03/10/2018, emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmable

Á vista do expediente formado, a Concellería de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica, somete a Ditame da Comisión Informativa de Facenda e posterior remisión ao Pleno a seguinte proposta de

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmable coa redacción que a continuación se recolle:

ARTIGO 2. – Tipo de gravame

***O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmables aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,46 %.***

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmables aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,3%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmables aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 0,6 %.

(...)

ARTIGO 4 – Bonificacións

(...)B)

Bonificacións potestativas

1.

**Bonificacións por especial interese ou utilidade pública**

**(...)-Bonificación para inmoables de uso agrario**

1.- De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello establece unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmoables de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais que xustifiquen tal declaración. Entenderase como inmoables destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas ou gandeiras aqueles que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, estean cualificados como de uso principal agrario.

2.- Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.- Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderá solicitarse dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derroge a presente ordenanza, sempre e cando se manteñan as condicións polas cales foi concedida.

4.- Finalizado o prazo no que se poden formular as solicitudes, polo persoal técnico adscrito ao Servizo de Medio Rural ou Urbanismo instruirase o procedemento e formularase informe-proposta de resolución para a adopción do acordo plenario de declaración de especial interese ou utilidade municipal. A tal fin, poderán realizarse de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación."

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia deste Concello <http://www.transparenciacambados.gal>

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



